

CEIP PLURILÍNGÜE AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO

@A.R.O.BA

Edición dixital

XORNAL ESCOLAR

XUÑO 2020

Letras  
Galegas  
2020



Ricardo Carballo Calero

Benvida.....	3
Maios.....	5
Distanciados do cole.....	10
Letras Galegas.....	31
Biblioteca.....	36
Traballamos noso cole.....	40
Proxecto Documental Integrado.....	58
Relixión.....	67
Despedidas.....	71

## Colaboradores


Departamento de Normalización Lingüística.

Mestres e mestras do CEIP Amadeo R. Barroso.

Alumnos e alumnas de Educación Infantil.

Alumnos e alumnas de Educación Primaria.

Libriño, a mascota do colexio.



## Editorial

Este curso que remata será lembrado durante anos e esta revista contribuirá a que non sexa esquecido. Temos vivido dúas situacións ben distintas no seu devir. Unha que semella habitual e que se presenta tódolos anos en forma de nervios, ilusións, explicacións, miradas, distraccións, compañeir@s, contacto, exames, xogos, risas, ruído... E outra, ata o de agora descoñecida, novidosa, que se presentou en forma de medo, de virus, illamento, estancia na casa, comunicación profesorado-alumnado dixital, aulas baleiras, silencio... Nesta revista veredes producións que naceron alumeadas nesas dúas situacións.

Desexamos que as lectoras e lectores da revista perciban que todas teñen detrás un esforzo, unha motivación, as gañas de amosar que os seres humanos somos seres creativos.

Queda pendente para o vindeiro curso e a vindeira revista escolar do CEIP Amadeo Rodríguez Barroso, o cumprimento das nosas esperanzas por recuperar as formas e os fondos do significado da expresión "vir ao colexio". Con esa esperanza despedímonos deica a vindeira edición.

**BIBLIO. A. RO. BA**





# Benvidos



**BENVIDA AOS PEQUES DO  
COLEXIO**







# Maios

Aí ven os Maios  
cheos de alegría,  
pero vexo pouca xente  
nesta romería.

A xente non sae  
porque está confinada,  
agora só poden sair  
na desescalada

Saes á rúa  
e a xente non fala,  
todos con mirada triste  
e mascarillas na cara.

Este ano non hai romarías e  
non podemos manter as tradicións,  
¡Cómo cantar as coplas  
para animar os corazóns!

Este é o mes das flores,  
gustaríanos a todos festexar.

Este é o mes das cores  
dende a casa poderíamolo animar.

Os nosos avós  
traballaron toda a vida,  
viviron unha guerra  
e agora unha dura partida.

Carvalho Calero  
nas letras galegas,  
loitou pola lingua  
a duras maneiras.

Este ano as Letras Galegas  
non podemos festexar,  
pero na rúa de Carvalho Calero  
os nenos fomos homenaxear.

Os nenos estudan na casa  
os profes teletraballan,  
corríxennos as tarefas  
e nunca nos fallan.

Despedimos os Maios  
que temos que marchar,  
que os nosos profesores  
quérennos videochamar.

Pablo Glez 6º A

O poema que escribín non vai nin de  
paxaros nin de crina de cabalos,  
Vai do fermoso mes de maio, que  
todos tanto ansiábamos,  
De correr nos camiños, de nadar no  
mar, disfrutar dos aloumiños...

Alex F. 6ºA

## MAIO NAS FIESTRAS 6ºB



O mes de maio chegou  
no tren das estacións  
o mes de maio voltou  
con coplas e cancións

Deixamos atrás o frío,  
inda estamos no lío  
miramos pola fiestra  
queremos disfrutar da festa

Nas Letras Galegas  
pasabámolo ben  
cantando e rindo  
e cos profes tamén

Dezasete de maio  
o seu aniversario  
hai que celebralo  
hai que disfrutalo

Neste confinamento  
Tes que estar atento  
Agarda polo verán  
Pode vir lacazán.





# MAIO NAS FIESTRAS



Neste mes de maio  
as letras galegas  
e os maioas  
estiveron tamén confinados!


2020






## MAIO NAS FIESTRAS:


En maio,  
míras polas fiestras,  
e hai moitos cambios;  
se a paisaxe contemplar,  
ves paxariños cantando,  
verdes todas as leiras,  
as borboletas voando,  
algún caracol de visita,  
as flores brotando,  
unha xoaniña que por aquí habita,  
os animais que invernan, despertando,  
algún animal coa súa cría,  
algunhas lebres saltando,  
unha pomba que parece que vai a unha cita,  
os peixes no auga azul nadando,  
os frutos da horta  
e o sol quenteando.



En maio,  
míras polas fiestras,  
e hai moitos cambios;  
se a paisaxe contemplar,  
ves paxariños cantando,  
verdes todas as leiras,  
as borboletas voando,  
algún caracol de visita,  
as flores brotando,



unha xoaniña que por aquí habita,  
os animais que invernan, despertando,  
algún animal coa súa cría,  
algunhas lebres saltando,



unha pomba que parece que vai a unha cita,  
os peixes no auga azul nadando,  
os frutos da horta  
e o sol quenteando.







ÁRBORES ALTAS  
ABELLAS AO REDEDOR  
CHEGOU O VERÁN

É PRIMAVERA  
CAMPOS VERDES CON FLORES  
PAXAROS CANTAN

# HAIKÚ

CAENSE AS FOLLAS  
AS CASTAÑAS ASADAS  
RICOS CHOURIZOS

NEVE NAS FIESTRAS  
CHOCOLATE CON CHURROS  
MANTAS NA CAMA

ROCÍO FDEZ GURRA

## EN MAIO

En maio as glores deslumbran co seu paso.  
En maio as borboletas máis coloridas cos papagaios  
e con felicidade e imaxinación o levaremos mellor.






# Distanciados do cole

DURANTE O CONFINAMENTO  
SEGUIMOS TRABALLANDO NA CASA:  
Fixemos manualidades, experimentos, coloreamos,  
xogamos co ordenador, bailamos, cantamos,  
lemos contos ...  
SOMOS UNS CAMPÍONS!!!








### RECEITA DA AMIZADE


**INGREDIENTES**

- Un litro de Amor.
- Unha curca de Mimo.
- Cinco culleradas de Igualdade.
- Unha pizca de Zafiro de amor.
- Dúas culleradas de Amizade.
- Unha pota de Dedicación a traballo.
- E un cucharón de Esperanza.

AMIZADE









# VIAXAMOS COA IMAXINACIÓN

Como non tivemos excursión de fin de curso  
tocou voar coa nosa fantasía.









# Traballos na cuarentena 5ºA

**LETRAS GALEGAS 2020**

Cando me dixeron que este ano as letras galegas eran dedicadas a Carvalho Galois e vin a súa calle quisei telo ao velo.

Nestes días tamén aprendín a cocinar marroños e agora so quero comer e cocinálos un montón.

Se aprendiches a cocinar algo rico, non dudes en facelo así todos quedaremos pasados.

Iago Domínguez Castro 5ºA

**LETRAS GALEGAS 2020**

Estos días aprendín que estar so non é divertido como poder xogar e estar cos teus amigos.

As veces cando estas so, senteste triste, se xogas con quen queiras pasarás a estar contando un chiste.

Se estiveches contento todo este tempo, e que o pasaches ben neste confinamento.

Iago Domínguez Castro 5ºA

 <p><b>ler</b></p>	<p><b>sofá</b></p> 	 <p><b>comer</b></p>	<p><b>estudar</b></p> 
<p><b>xogar</b></p> 	<p><b>pasear</b></p> 	<p><b>cociñar</b></p> 	<p><b>axudiar</b></p> 

Santiago López de Letona Fdez 5º A

## Receta de emocioñs contra o COVID-19

Para facer unha gran torta satisfactoria sigue estes pasos:

Paso 1: runcha xozza bota un kilo de tolerancia, unha cucharada de esperanza e cinco gramos de positividade.

Paso 2: engade cinco cucharadas de respeto (rebea todo aos irmáns e aos pais), medio kilo de paciencia e trinta gramos de creatividade.

Paso 3: Mesturalo e mézalo ao fogo coxenta e cinco minutos a cento oitenta cº. Mestoa perra nos ingredientes que batades.

Paso 4: sacala e comela entoa toda a familia con moito amor.





### o bicho

Na casa tiver que quedar  
para non me contactar  
dur horas que andaba a pasear  
e nos quería enfermar.

Non podía saír a pasear  
pero aprendín a cocinar.  
Partime tamén de xogar,  
e un pouquiño a estudar.

O encerro non estivo tan mal  
e est


### Scorpio

Scorpio naceu nun faendo a súa nai era costureira.  
Non tiñan moito para comer, pero si para alimentar a  
Scorpio a nai estaba moi cansa. Unha vez coñeceu traballos  
carrida a nai a reciza pensaba como ía rouxir a nai.  
Nada sabía quen era o pai de Scorpio e a nai non  
quería saber.  
Sabela Fernández Fernández 5ºA.


### Scorpio



SARA EIRÓ, 5ºA



DAMIÁN GÓMEZ DIOSDADO, 5ªA



SARA EIRÓ GONZÁLEZ, 5ªA



## O reno Xurxo

Xurxo Iglesias  
Lansas  
5.ª

Este conto do que vos vou falar, é dun reno chamado Xurxo que na casa non quería estar,

E desvela, amigos, PORQUE? por culpa dunha pandemia,  
forza de estar na cidade decidíuse a ir ó seu pobo.

Era un pobo moi bonito, moito verde, moitos parques e sobretudo,  
non cheiraban os fumes dos coches nin das fábricas.

A el o que máis lle gusta do seu pobo son os parques pola  
día e os grilos pola noite. E entre os cánticos dos  
parques e os cánticos dos grilos, remata este conto amigos.



## Flan de lедicia

### Ingredientes:

- 25g de azeite a cocinar
- 100g de xogos de mesa
- 150g de diás esteiros cos meus pais
- un molde de abrazos ebicos
- 200g de risas

Na bol mesturar risas e azeite a cocinar; logo engadellas  
xogos de mesa suavemente. Bótalos d'ras enteiros cos meus  
pais no molde e logo o demais, e por último meter no forno  
durante 15 minutos a 180°.

O resultado é un día de lедicia do máis sabroso.

Yago Guerrero Carballo  
5.ª





## Galicia máxica

O meu avó levábanos a miña irmá e a min a un río chamado "Río da Veiga". Consistía nun pequeno río rodeado de frondosas deborzes dunha aromboosa cor verde natural. As augas fluían pelas mini-fenestrillas que atopábanse cada pouco. Eran escuras e frías, o que dálle un toque misterioso á paisaxe. Tiñas que ter cuidado, pois non todas as rochas nas que pisabas estaban aferradas ao chan.

Gustábanos moito estar alí; facíamos concursos de quen tiraba a pedra máis lonxe ou quen encontraba a rocha máis grande, etc. Un dos primeiros días que fomos alí, a miña irmá e mais eu atopamos unha árbore de gomíndas.

A min parecía máxica, como lleamos a atopar gomíndas ao lado do río! E aínda que agora penso que o meu avó tiña algo que ver, non deixa de ser máxica ese momento. Espero poder levar aos meus netos e ver as súas caras cando vexan gomíndas!

Santiago López de Letona Fdez



MARA RODRÍGUEZ SEGOANE FEB-AV-20

## O coronavirus

Todo empezou como un rezo  
aquele día que se suspendeu o cole,  
aquele día, empezou todo.

Quedamos na casa,  
son cousas que facer,  
e o peor de todo,  
son amigos que ver.

Pronto chegaron os deberes  
un montón para facer!!  
~~table, ordenador, impresora...~~ u! hai que ver  
como se non éveramos outra cousa que facer.

E menéres, fóra  
o bicho non desansa,  
sobre todo aos avós,  
ao que pilla, o mata.

Agora parece durmido,  
hai menos contaxios,  
pero cuidado!!  
soamente está agachado.

Dous meses da corentena,  
pa sair unha hora cada día.  
E que se vaia apagando a vela,  
do entusiasmo de cada día.  
Pero non encendemos esta wea  
para poñerle fin á tristeza.

Alexandre Luis López



## Como cambia a vida

Vouvos contar unha historia que estou vivindo dende fai uns meses, cando todo era perfecto, eu empezaba a adaptarme á meu nova casa, era un momento moi feliz, de repente todo cambiou da noite a maná. Chegou un virus chamado COVID-19 que cambiou as nosas vidas, algo do que ata de medo falar. A verdade comprendin que hai que ser felices como dize a miña nai cada minuto das nosas vidas.

Xa puidon ver a miña familia este fin de semana e a verdade volvimos sentir moi feliz. Agora solo espero que isto pase pronto para poder volver á calma e seguir sendo o feliz que era antes. Sen mais moita forza para os que lle tocan vivir e sentir o mesmo ca mim.



## POESÍA LETRAS GALEGAS 2020

Na casa estou ben,  
aínda que prefiro saír,  
aos meus amigos non vou ver  
nin ao colexio ir.

Síntome moi rara,  
e tamén un pouco triste,  
pero sempre cun sorriso  
e así nunca te rindes.

O meu cumple xa está preto,  
exactamente o vinteínco,  
e aínda que non o celebre,  
vou dar igual un brinco.

Aos meus avós tampouco os vir,  
por isto da cuarentena,  
entón vou ir a miña aldea  
a darlle unha sorpresa.

Noa Carnero Alonso 5<sup>º</sup>B



## Na casa

Neste confinamento,  
estou sentindo aburrimto.

Necesito volver á rutina,  
recuperar miña vida.

Na casa encerrado,  
desesperado.

Ese gran disgusto,  
transformouse nun susto.

Xa me estou acostumando,  
pois pasoo ben na rúa xogando.





# O XORNAL DE SEMPRE

Ourense, 6 de maio

Hoxe

## SUMARIO

-DÍA A DÍA.....	2
-ESTREOS.....	8
-ECONOMÍA.....	12
-DEPORTES.....	16
-SOCIEDAD.....	20

## OS CAZAPANTASMAS ATACAN OUTRA VEZ




Os cazapantasma montaron outro negocio para capturas os virus do co-VID 19, e están facendo un bó traballo, xa que traballan de noite e desinfectan as rúas, ese é o motivo de que xa podamos saír de casa. Bill Murray xa confesou: "Non será barato". Así que Jácome xa pode soltar o diñeiro.



Mario está de vacacións no Caribe, polo que non é recomendable xogar moito á Nintendo estes días.



Os vixiantes da praia xa están traballando na bahía e desinfectando o océano. As praias están moi limpas.



En xunio estrearáse Top Gun 2, e promete tanto que ata Tom Cruise saluda á cámara.



E James Cameron tamén está gardándonos un agasallo. Pois tamén estrearáse Avatar 2



O señor Traseronian (das industrias: papel de cú Traseronian) regálalle 1.800 rolos de papel ao Gadis para que fagan o seu anuncio especial confinamiento (p. 5)

## O FARO DOS CONFINAOS

Inspirado no periódico: "O Faro de Vigo", pero gratis ; )

No diario de hoxe falaremos de moitos imprevistos que suceden día a día e tamén doutros máis alarmantes. Este diario trae unha exclusiva especial confinamiento, con

pasatempos e un kit de maquillaxe (consulte a páx. 23). Na gran noticia de hoxe pedímoslle aos máis pequenos da casa que lean a noticia cos seus pais.


Os nenos de Ourense sacan a pasear aos seus pais e cando queren voltar á casa para xogar ao fornite, os pais queren quedar no parque paseando, o que nunca fixeran. (p. 12)

Año 2020. Especial confinamiento 2020 na casa pechados

Daniela Rodríguez Márquez



## A VIAXE DO GRUPO ESCOLAR 6ºB CLASS



Os alumnos de 6ºB tiñan pendente a súa viaxe de fin de curso á comunidade autónoma de Madrid, pero con esto do confinamiento non puideron realizar o seu desprazamento. Afortunadamente, grazas á orde da saída dos nenos, os nosos protagonistas, fixeron a súa viaxe, non a Madrid, a un lugar mellor: ao seu propio planeta!!!!



A viaxe non foi doada de facer, comezando porque é moi difícil deixar a 25 nenos e a dous profes ir ao espazo exterior. Ademais valorando a situación actual as viaxes non están permitidas. Entón... como o fixeron? Veredes, os nenos e nenas da escola CEIP Amadeo Rodríguez Barroso e os seus profesores, Cristina e Borja, tiñan planificado unha viaxe a un lugar fantástico. O primeiro que fixeron foi colarse no último avión cara Estados Unidos facéndose pasar por espías supersecretos e dicindo que tiñan unha misión moi importante alí.

Cando chegaron, a parte de tomar uns refrescos para repoñer forzas, buscaron no Google Maps a dirección do seu destino e puxéronse en marcha. Colleron cinco autobuses para chegar, pero o caso é que chegaron. Xa estaban na famosa sede da NASA!!!!!! Foron directos á planta onde se atopaban os cohetes espaciais, dicindo que tiñan que cambiar unha peza do cohete e como pesaba tanto, facía falta que fora levado por moitas persoas. Así chegaron á súa nave especial. Unha vez dentro, Borja, que quedara for a para prender os botóns de propulsión, mandoulle un whatsapp a Cristina dicindo que xa podían viaxar.

Agora mesmo non sabemos moito máis disto, pero os científicos detectaron que os nenos, nenas e profes da escola atoparon un novo planeta. O saben porque no xeolocalizador aparece unha ruta descoñecida. Os especialistas creen que se trata do Famoso planeta que so uns elixidos poden atopar, supoñen que os elixidos serán eles e decidiron que chamarán ao planeta: Planeta B, de 6ºB CLASS.

Imaxes chegadas da nave especial: Planeta B





# SDP

Xornal escolar semanal. #Somosdoutroplaneta.

## 6ºB VIDEOCHAMADA

O pasado Venres 24 de Abril os alumnos de 6ºB reuníronse nunha videochamada. Falaron acerca de se tiñan dificultades, dúbidas e de como o estaban pasando.

A partir do 26 de Abril os menores de 14 anos poden saír con algunhas restricións.


Pax 3

A policía Local segue a felicitar aos nenos e nenas no confinamento.

Pax 7

Celebración do día da nai na casa.

Pax 9



Cancelación dos xogos olímpicos e doutras competicións deportivas a nivel mundial.

Pax 4

Adestramentos domésticos das escolas deportivas por videochamada.

Pax 5

Venta de mascarillas infantís por online.

Pax 6

### ANUNCIO:

20% de desconto en camisetas se compras un par de calcetíns.

Íniciase fase de descalada. Apartir do 2 de Maio flexibilizaraxo o confinamento con distintas franxas horarias para podes saír.

Pax 9

Adiantos na creación da vacina contra o COVID19. Empezan as probas con mamíferos para conseguir a vacina contra o Coronavirus.

Pax10

Estreño da aplicación Disney+ con moitas novidades.

Pax 8





# NOTICIAS LOCALES.



Todas as noticias do CEIP Amadeo Rodriguez Barroso e os seus alumnos.

20° HOXE

18° MAÑÁ

## ¿A QUE NOS DEDICAMOS NA CUARENTENA?



***Sempre buscando que facer nos ratos libres. A situación actual fainos ser mais creativos, se cabe, para gastar o novo tempo libre nas nosas casas.***

***Comezamos o retiro ca limpeza a fondo dos fogares. Chans reluzentes e armarios limpos e ordenados.***

***Pero o investimento do tempo estrela foi a cociña. Todas aquelas receitas pendentes e as novas atopadas fixeron que nos convertíranos en novos chefs dos nosos fogares. Desde a galletas de Magda, a recetas extravagantes do programa Masterchef.***



***O arte e as manualidades, tamén tiveran cabida nestes días. Dende a pintura a lápiz, acuarelas, acrílicos, escultura e adornos de arxila ata manualidades creativas e divertidas.***

***Pero sen lugar a dúbidas, o entretenimento estrela foron os maratóns de series, películas ou sagas das grandes plataformas de televisión e espectáculos.***

### **Apagón durante 2 horas.**

O pasado domingo 19 de Abril de 2020 houbo un apagón. Toda azona do colexio e da urbanización quedou sen luz dúas horas e na hora da comida. Uns vecinos auténticos DJs animaron o barrio con música...

### **ANUNCIO:**



### **¿HERBA ALTA?.**

Na parte do parque ao lado do cole, levaban meses sen cortar o cespé e a pasada finde semana os de mantemento cortaron a metade do parque e a outra metade a deixaron sen cortar.

### **ANUNCIO:**





# XENTE DE HOXE

## Novo xogo

Nintendo sacou un novo xogo chamado „Animal crossing“. Bateu os records de copias dixitais vendidas nun mes..



Hoxe 20°



Mañá 13°

# A pizza mata o coronavirus

Os sanitarios da UCI déronlle de comer pizza a un paciente polo seu aniversario e milagrosamente mellorou .Era tal a felicidade en toda a planta que finalmente fixeron unha festa de pizza.



## Sumario

- Coronavirus....2
- Galicia....8
- España.....10
- Mundo....14
- Sociedade....20
- Economía.....24
- Cultura.....28
- Televisión.....32



## Os animais, os donos das rúas

Debido á cuarentena o animais salvaxes baixaron dos bosques ata as rúas. Víronse desde cervos ata osos e lobos.



## Avistamento dun ovni

Debido a baixa contaminación no aire puideronse ver a través das nubes “platillos flotantes”.





# Radio Fermín NEWS

[www.radioferminnews.com](http://www.radioferminnews.com)

TU PERIÓDICO DE CONFIANZA

Desde 40tena 2020

## O MAGO DA CUARENTENA



Este señor que se fai chamar "O Mago da Cuarentena" sorpréndenos día a día cos seus magníficos trucos dende casa. Dende facer desaparecer un rolo de papel hixiénico ata facer aparecer o repartidor do BurgerKing na porta da súa casa.

Este mago volveuse famoso en pouco tempo, debido a o apoio dos seus seguidores nas R.R.S.S.

Resulta que este famoso mago tivo unha pequena axuda, porque os seus primos son os famosos **Mathew Rey** e **LaDani**. Resulta que se levaba moi ben cos seus primos, e decidiron axudalo. Pasaron os días e o mago fíxose máis e máis famoso, pero o que ningún dos seus seguidores sabía era que este era un espía supersecreto que quería gañar o cariño das persoas para despois poder estafalas.

El Mathew Rey e LaDani non sabían nada disto, entón cando o descubriron, mediante unhas mensaxes filtradas, no lugar de chamar a policía o que fixeron foi publicar un comunicado nas R.R.S.S. destapando a verdade do seu primo. Afortunadamente agora o **Mago da Cuarentena** está preso cunha pena de 40 anos e 123.000€ de multa.

## CHEGA A COMPETENCIA DE RADIO FERMÍN

A nova radio "Radio Happiness" comezou fai pouco tempo. Pero xa ten moitos seguidores nas suas R.R.S.S. Esta nova radio non chega a superar a Radio Fermín, porque en Radio Fermín hai moitos valores como: a humildade, a tradición, a diversión ou a amabilidade, e iso non se consegue en calquera lado. Pero ante todo está a amizade e resulta que o Mathew Rey e LaDani lévanse moi ben cos produtores da nova radio e todos os venres van tomar un churrasco ás carballas. Dende aquí mandámoslle un saúdo a Paca e a Antonio (Que só lles falta buscar un nome artístico).

PATROCINADOR:





# Letras Galegas



O CONTO "AS PITAS BAIXO A CHOIVA" ....







**...DE CARVALHO CALERO ...VISTO POR 2º B**





# AS PALABRAS FAVORITAS DE 2º B







# PARTICIPAMOS NAS ACTIVIDADES DO COLE





## SIMPLEMENTE MAXIA

Nun lugar onde as augas son quentes, onde hai un camiño que te leva a un lugar especial, onde as comidas como o polbo son as mellores... Naceu Breixo.

Breixo non era un rapaz moi sociable. Nos recreos, en vez de xogar cos seus compañeiros, entretíñase lendo. Todos os días ía á biblioteca municipal, alí lía libros sobre lugares "máxicos" de Galicia. Neses libros sempre descubría lugares, monumentos e comidas tradicionais galegas. Pero todo cambiou cando descubriu a praia do Vilar. Breixo quedou abraiado, era una praia que semellaba sacada dun conto. O neno sentiu que tiña que coñecer ese lugar. Seus pais viron tanta emoción nel que decidiron levalo. Chegou o día e Breixo estaba moi emocionado. Sabía que ía coñecer un deses lugares máxicos que nunca se esquecen e así foi. A praia, o sol, o mar... Todo era perfecto e máxico. Semellaba saído dunha apócema. Nese día Breixo descubriu un lugar moi especial pero tamén se decatou de que vaias onde vaias Galiza é máxica.

Daniela Rodríguez Márquez 6ºB



# Biblioteca



OLA SON **LIBRIÑO**, A MASCOTA DA NOSA BIBLIOTECA.  
NESTE CURSO TAN HISTÓRICO DEBEMOS LEMBRAR ALGUNHA  
DAS ACTIVIDADES LEVADAS A CABO NO NOSO COLE. UNHA  
DELAS REFERIUSE AO FOMENTO DA IGUALDADE E PARA ISO  
RECIBIMOS A VISITA DE **CONTACTOS** COS QUE APRENDI-  
MOS MOITO E DESFRUTAMOS UN MONTÓN.

O 25 DE NOVEMBRO PARA CELEBRAR O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLEN-  
CIA DE XÉNERO RECIBIMOS A VISITA DA CONTACTOS :

**UXÍA MORÁN**






## TRÉCOLA TEATRO COA OBRA "SEN MEDO"



**SABELA GAGO** REPRESENTOU "NOA NO ESPELLO" PARA OS ALUMNOS E ALUMNAS DE 1º, 2º, 3º, E 4º DE PRIMARIA.







VÉXOVOS NO VINDEIRO CURSO E  
MENTRAS TANTO...

**FELICES LECTURAS!!!!!!**



# Os nenos de 4º de infantil con Libriño aprendimos a querer aos libros





# Traballamos no cole

**FIXEMOS  
TAREFAS  
MOI DIVERTIDAS**









# E TRABALLAMOS

## MOITO





# COÑECEMOS A YAYOI KUSAMA E PINTAMOS UNHAS PANTASMAS MOI COLORIDAS



CONOCEMOS A ...



4º EDUCACIÓN INFANTIL








OS NENOS/AS DE 6° DE EDUCAÇÃO  
INFANTIL VIAXAMOS ATA MÉXICO  
PARA COÑECER A VIDA E OBRA DE  
FRIDA KALHO.

FRIDA  
KALHO



# ESTE FOI O NOSO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN




**FRIDA KAHLO**

NACEU EN COTACAHUAC  
(MÉXICO) O 6-7-1907

FOI UNHA DAS MAIS GRANDES  
ARTISTAS MEXICANAS.

CANDO TIÑA 6 ANOS TIVO UNHA  
ENFERMIDADE CHAMADA POLIO  
QUE LLE AFECTOU A UNHA PERNA.

*Frida Kahlo*



MÉXICO

O MEU PAÍS, MÉXICO, ESTÁ NUN  
CONTINENTE CHAMADO AMÉRICA



**A FAMILIA DE FRIDA**




O PAI DE FRIDA FOI UN IMPORTANTE FOTÓGRAFO

A SÚA NAI CHAMÁBASE MATILDE

FRIDA KAHLO TIVO 2 IRMÁS



# APRENDIMOS MOITAS COUSAS





E O MÁIS IMPORTANTE..  
PASÁMOLO XENIAL !!



6º Educación Infantil



FEITIZO DE SAMAÍN. AULA 1º B. Outubro  
2019

Vómito cor guacamole  
para vir con gañas ao cole.  
Sete pelos de calva melena  
para entender a decena.  
Picadura de toxos e xestas  
para atinar coas sumas e restas.  
Vermes que collas cunha culler  
para terminar de aprender a ler.|  
Sangue de cabeza de anguía  
para mellorar a caligrafía.  
Po de corno dunha vella cabra  
para respectar o turno de palabra.  
Ollo mouro de mouro gato grato  
para no recreo gozar cun bo trato.  
Ben cociñado e con xeito tomado  
será boa cousa para este alumnado.





## CARAMELO SABOR A PAZ

### INGREDIENTES:

Un **maíz** de **calma**.

Unha **presa** de **atención**.

Un **chusmo** de **gañas** de **facelo ben**.

Unha **grena** de **paciencia**.

Un **chisquiño** de **bo trato**.

Unha **manchea** de **CREATIVIDADE**.



Un **puñado** de **humildade**.

Unha **chea** de **RESPECTO**.

**POSOLOXÍA:** Tomar un **tódolos días** antes de empezar a relacionarse co mundo.

Fabricado no CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO.



**ESTE ANO OS NENOS E NENAS DE 2º A FIXEMOS MOITOS TRABALLOS NA CLASE E LOGO NA CASA; ALGUNS DOS QUE FIXEMOS NOS ULTIMOS MESES FORON ESTES:**



**Mosaico, Brais**



**Muíño, Carla**



**Caracol, Daniel**



**Raposo, Goya**



**Mosaico, Naiara**



**Coche, Ayla**



**Paisaxe, María**



**Mosaico, Lois**



**OS NENOS E NENAS DE TERCEIRO  
NESTE RARO CURSO  
TRABALLAMOS SEN DESCANSO**









# FIXEMOS SAÍDAS ESCOLARES













# SUSTINEA

## 4ºA



A m'agrada molt o de fer cases para os insectos. Nelos os insectos fan  
riscos. As cases son de madeira que e un material que lle gusta os insectos.  
Nestas cases de madeira, os insectos buscan o seu refugio para que  
nada os moleste, e si poden vivir como si estivesen nun bosque.  
Aprendin que os insectos son fundamentais para a vida.




PIC•COLLAGE






# Coidamos


# o medio



# ambiente



# 4° B





# PDI: O Folclore



**OS NENOS E NENAS DE 4º DE INFANTIL PARTICIPAMOS NO PDI DO CENTRO  
CON ESTE PROXECTO DO SAMAÍN E ELABORAMOS ESTES SIMPÁTICOS  
MONSTROS**






# A FESTA DO POLBO DE CARBALLIÑO

OS NENOS E NENAS DE 5ª DE INFANTIL FIXEMOS UN PROXECTO SOBRE A FESTA DO POLBO DE CARBALLIÑO. APRENDEMOS MOITAS COUSAS DESTE ANIMAL E ADEMÁIS DA FESTA QUE SE CELEBRA NA VILA OURENSÁ DE CARBALLIÑO.


FIXÁDEVOS CANTO APRENDEMOS







ADEMÁIS RECIBIMOS A VISITA DUN PULPEIRO DE VERDADE QUE NOS ENSINOU MOITAS COUSAS.



E POLO ENTROIDO DISFRAZÁMONOS DE POLBOS E AS NOSAS MESTRAS DE PULPEIRAS.





# O MAGOSTO




MIRADE QUE LIBRO DO MAGOSTO FIXEMOS OS NENOS E NENAS DE 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL.


FOI DIVERTIDO APRENDER DESTA FESTA POPULAR GALEGA.




# HISTORIA



# REFRÁNS



# POESÍAS





# CONTOS



# ADIVIÑAS



# CANCIÓNS





# MANUALIDADES



# FESTA





# E DISFRACES






Os nenos de 2º A investigamos este ano sobre o noso patrimonio cultural, histórico e etnográfico: fixemos algúns traballos sobre Aquis Querquennis, o castelo de Maceda, os castros... este de aquí é un exemplo, porque non os podemos poñer todos, e fálanos do castro de Castromao en Celanova.



Castromao está preto de Celanova onde son os meus pais  
En Castromao hai un castro prehistórico da Idade de Ferro.  
Alí vivían os Colesinos unha tribo celta e despois os romanos pero





# Relixión

O BO SAMARITANO


3º Primaria







MATEO VAZQUEZ



NICOLÁS



SARA COLMENERO




GABRIELA



ESTIVEN



BRAIS



BRUNO RODRÍGUEZ



# Sacramentos

1º Bautismo



2º Confirmación



3º Eucaristía



4º Perdón



5º Unción de los Enfermos



6º Orden Sacerdotal



7º Matrimonio





# Visita aos beléns do mundo e a catedral



**OS ALUMNOS E ALUMNAS DE 5º DE PRIMARIA VISITAMOS OS BELÉNS DO MUNDO O DE BALTAR E A CATEDRAL**





# Despedidas

## Sexto de primaria





Toda unha vida  
de dedicación e entrega



M<sup>a</sup> Pilar Losada  
Moitas grazias  
e boa sorte